



TEMAS VARIOS PROPOSTOS POLA CIG-ENSINO

Publicación da resolución definitiva do CXT, Orientación e EPAPU

Solicitamos que se concrete cando se van publicar. Pedimos que a publicación no DOG non se faga até pasada a semana santa para facilitar as solicitudes de comisións de saúde ou concilia.

Previsión publicación CXT na páxina web o venres 22 marzo.

Publicación no DOG ao redor do 4 ou 5 abril, segundo dispoñibilidade do DOG.

Atención Preferente

A Consellaría confírmanos que haberá convocatoria para o curso 2024/25 e que están traballando nela, polo que pasará pola Mesa.

PIALE 2024: malestar do profesorado das EOI logo das explicacións dadas pola Consellaría para excluír este profesorado

Docentes de EOI trasladáronnos o seu malestar pola resposta da directora xeral na mesa anterior e indicaron que houbo experiencias moi positivas e que así lle deben constar á Consellaría nas memorias presentadas. En concreto fan referencia ao PIALE 2023 en Canadá (en concreto no George Brown College de Toronto, un centro especializado en ensinar o inglés como segunda lingua para persoas adultas). A CIG-Ensino reitera

a súa demanda de que se incorporen as prazas para profesorado das EOI nun número de prazas como mínimo igual ao do curso pasado.

A directora xeral confirmou tanto a recepción do escrito de profesorado de EOI como a boa valoración do centro de Toronto e alegou que o problema radica en que non teñen garantía de que ese centro ou outro similar fose ofrecido pola empresa que puidese gañar a licitación.

Para a CIG-Ensino iso non pode ser un impedimento e que, ben na orde de convocatoria ou ben na licitación se pode indicar a obrigatoriedade de que os centros seleccionados para docentes de EOI cumpran o requisito que consideren.

Finalmente, a directora xeral afirma, en resposta á nosa proposta, **que vai analizar a posibilidade dunha nova convocatoria para este profesorado**, tal e como lle solicita a CIG-Ensino unha vez que a Consellaría adianta que non pode modificar a Orde do PIALE 2024 xa que está unida a licitacións con empresas privadas, polo que modificar a orde dificultaría a xestión da adxudicación.

A CIG-Ensino entende que non caben excusas para non publicar unha nova convocatoria con prazas para docentes de EOI, tendo en conta a redución orzamentaria superior a 124.000€ para as prazas PIALE. Malia a nosa insistencia, non se comprometeu xa a traer a convocatoria á Mesa.

Por outro lado, a CIG-Ensino considera positivo que a Consellaría se comprometa na Mesa de hoxe a poñer en común (na primeira reunión da Comisión) uns criterios para o reparto das prazas

desertas así como das renuncias, como paso previo a incluílos na orde, tal e como solicitou a CIG-Ensino.

Atrasos sistemáticos no pago de trienios e sexenios

Os atrasos na actualización dos trienios e sexenios leva consigo que non fagan efectivos os pagos que corresponde ao persoal funcionario ou interino até pasados máis de seis meses da data de perfeccionamento.

A regularización dos trienios depende só da antigüidade como persoal docente, mentres que para os sexenios ten que cumprirse o requisito de 100 horas de formación no período de seis anos, mais o pagamento faise igualmente de oficio.

Ambos pagamentos afectan por igual a funcionariado de carreira e profesorado interino, logo das sentenzas gañadas pola CIG-Ensino polas que se atendeu a demanda do sindicato de que non se discriminase ao persoal temporal.

Esiximos á Consellaría de Educación que tome as medidas necesarias para que se regularice o pago dos atrasos indebidos de trienios e sexenios.

Están case rematados os traballos de corrección de erros nos pagamentos e calculan que en breve todas as persoas que non cobraron novos trienios ou sexenios cobren os atrasos e a actualización das contías.

Horarios do profesorado

Temos coñecemento de que nalgúns CIFP están autorizando modificacións de horarios, en concreto ao persoal de equipo directivo, para impartir cursos AFD, desatendendo así as súas funcións directivas no horario onde está a maior parte do alumnado do centro. Hai algunha

instrución ao respecto que permita estas modificacións nos horarios na metade do curso?

Trasladarán o tema á dirección xeral de FP.

Por outro lado temos constancia de que a persoal docente representante do profesorado no Consello Escolar de centros de secundaria se lles está negando no seu horario o desconto correspondente por esta función alegando que estas horas son do apartado "*horas complementarias non fixas*", o que non é correcto, pois o desconto é sobre as horas complementarias fixas.

Din que a cuestión non admite dúbidas e que o horario sobre o que se ten que descontar é o de **horas complementarias fixas**.

Funcións impropias do profesorado pola negativa a dotar de persoal coidador

A CIG-Ensino denuncia a situación que se está a dar nalgúns centros coa negativa da Consellaría de contratar persoal coidador malia constar informe do EOE no que se afirma expresamente que é necesario contar coa presenza e supervisión dunha persoa adulta/PAC.

Tendo en conta as funcións que temos encomendadas como docentes o que cómpre facer cando se emite un informe con esa conclusión é contratar persoal coidador porque non existe ningunha outra categoría profesional no centro (mestras, conserxes, administrativos...) que se axuste a esas funcións, especialmente cando se indica como é lóxico que eses coidados e atencións deben levarse a cabo da maneira máis inclusiva posíbel, o que require unha atención específica e non que se tire de varios docentes para que se fagan cargo dese traballo nas horas de garda.

A Consellaría indica que están a revisar discrepancias que existen entre as diferentes EOE e que se existe unha necesidade nun centro debe atenderse con persoal coidador, ben con existente de habelo e ter dispoñibilidade, ou ben cun novo.

Recuperación das estadías formativas en empresas no estranxeiro e da modalidade lingüística para docentes de FP.

Reclamamos que se recupere a modalidade de estadía no estranxeiro, eliminada tras a pandemia así como a modalidade lingüística destas estadías, dada a potencial demanda pola obrigatoriedade de impartir o módulo Inglés profesional o vindeiro curso. A administración non lle supón ningún labor de xestión engadida porque é o propio profesorado o que pode buscar a empresa ou organismo equiparado polo que aínda ten menos sentido esta restrición. Por último, unha vez máis debera imperar o sentido común e o que non parece razoábel é que sobre todo nalgúns familias profesionais se restrinxa a posibilidade de realizar estadías en Portugal cando hai incluso unha Eurorrexión recoñecida oficialmente.

Por outro lado, é impresentábel como se publicou a convocatoria: abriuse o prazo o día 4 de marzo e o día 7 había que ter presentado a solicitude xa sen ter tempo a contactar coas empresas.

Trasladarán o tema á dirección xeral de FP.

Boletíns de educación infantil

Na mesa do 16 de xaneiro a administración, ante a solicitude de cumprimento da resposta dada á CIG-Ensino e ao profesorado de infantil sobre o boletín e información trimestral ás familias no primeiro trimestre, indicou que no segundo trimestre se poderían incluír só os criterios de avaliación escollidos polo profesorado de Educación Infantil. Segundo vén de confirmar o sindicato, non hai aínda nada novo sobre ese compromiso.

Entendemos que xa non hai solucións que se poidan adaptar ao Proens ou Xade, polo tanto solicitamos que se lle permita ao profesorado de Educación Infantil elaborar o seu propio boletín e se lles informe desta posibilidade co tempo necesario para podelo facer.

A administración, na mesa de hoxe, confirma que modificaron o Proens para configurar o boletín de Educación Infantil e que o profesorado poderá desmarcar os criterios das unidades didácticas que non considere necesarios en cada boletín.

Publicarán en breve unhas instrucións na páxina web da Consellaría, das que nos faremos eco.

Tamén adianta a Consellaría que para o ano van incluír modelos de Unidades Didácticas con exemplos de subcriterios para os boletíns.